



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Linguas do Mundo	Código	613G01030	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Alonso Ramos, Margarita	Correo electrónico	margarita.alonso@udc.es	
Profesorado	Alonso Ramos, Margarita Vazquez Veiga, Nancy	Correo electrónico	margarita.alonso@udc.es nancy.vazquez.veiga@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da diversidade das linguas en relación coa unidade fundamental da linguaxe, a través da exploración das principais familias lingüísticas e as súas relacións históricas, a tipoloxía lingüística e os universais lingüísticos. IIII			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título			
		A1	B1	C1
Coñecer e comprender a diversidade lingüística	A3	B3	C3	
	A11	B4	C4	
	A14	B5	C6	
	A15	B6	C8	
		B7		
		B8		
		B9		
	Coñecer as principais familias de linguas do mundo	A3	B1	C1
		A14	B3	C3
A15		B4	C4	
		B5	C8	
		B8		
Familiarizarse coas distintas clasificacións das linguas do mundo	A1	B1	C1	
	A3	B2	C3	
	A11	B3	C4	
	A14	B5	C6	
	A15	B6	C8	
		B7		
		B8		



Ser conscientes das propiedades estruturais que comparten as linguas do mundo e das propiedades que as diferencian	A1	B1	C1
	A11	B2	C3
	A14	B3	C6
		B5	C8
		B6	
		B7	
		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A diversidade lingüística: cuestións básicas	1.1. ¿Que é a diversidade lingüística? 1.2. Distribución das linguas do mundo 1.3. Situacións de bilingüismo e multilingüismo 1.4. A perda da diversidade lingüística
2. As linguas por continentes	2.1. Linguas de Europa 2.2. Linguas de África 2.3. Linguas de América 2.4. Linguas de Asia, Australia e Oceanía
3. A clasificación das linguas	3.1. A clasificación xenética 3.2. A clasificación tipolóxica 3.3. Outros criterios de clasificación
4. Tipoloxía e universais	4.1. Propostas sobre universais lingüísticos 4.2. Clases de universais lingüísticos 4.3. Parámetros tipolóxicos das linguas: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 C1 C3 C4 C6 C8	4	20	24
Sesión maxistral	A3 B3 B5 B9 C8	15	11	26
Obradoiro	A1 A14 A15 B1 B5 C3 C6	7	5	12
Proba mixta	A3 A15 B1 B3 B5 B7	1.5	20	21.5
Lecturas	A3 A11 A15 B1 B3 B5 B7 B8	2	23	25
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumno deberá desenvolver as actividades avaliadas propostas. As profesoras prestaranlle axuda no momento en que o precise e demande. Unha das actividades poderá ter carácter grupal, co fin de desenvolver a capacidade de traballar en grupo de xeito colaborativo.
Sesión maxistral	As profesoras exporán os contidos xerais do tema. Potenciarase en todo momento a discusión e o debate.



Obradoiro	Constituirá a metodoloxía básica de traballo nas sesións presenciais e non presenciais. No obradoiro combinaranse distintas metodoloxías (estudos de caso, solución de problemas, discusións dirixidas...) e desenvolveranse tarefas eminentemente prácticas co apoio e supervisión das profesoras, co fin de asentar os contidos aprendidos mediante a súa aplicación.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo test e un mapa no que deberán situarse as principais familias de linguas do mundo (40% da cualificación final).
Lecturas	Conxunto de artigos e capítulos de libro seleccionados polas profesoras para a preparación dos distintos contidos da materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas Traballos tutelados Sesión maxistral Obradoiro Proba mixta	Resolución de dúbidas sobre os contidos da materia. Comentarios individuais dos distintos traballos. Tutorías de libre disposición.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 C1 C3 C4 C6 C8	O alumno deberá desenvolver as actividades avaliábeis propostas. As profesoras prestaranlle axuda no momento en que o precise e demande. Unha das actividades poderá ter carácter grupal, co fin de desenvolver a capacidade de traballar en grupo de xeito colaborativo.	30
Sesión maxistral	A3 B3 B5 B9 C8	As profesoras exporán os contidos xerais dos temas. Valorarase a asistencia e a participación na aula.	10
Obradoiro	A1 A14 A15 B1 B5 C3 C6	Constituirá a metodoloxía básica de traballo nas sesións presenciais e non presenciais. No obradoiro combinaranse distintas metodoloxías (estudos de caso, solución de problemas, discusións dirixidas...) e desenvolveranse tarefas eminentemente prácticas co apoio e supervisión das profesoras, co fin de asentar os contidos aprendidos mediante a súa aplicación.	20
Proba mixta	A3 A15 B1 B3 B5 B7	Proba que integra preguntas tipo test e un mapa no que deberán situarse as principais familias de linguas do mundo (40% da cualificación final).	40

### Observacións avaliación



Lea atentamente a información que segue.

1. O plaxio total ou parcial pode conlevar o suspenso na materia. A información debe ser recollida, procesada e ofrecida de forma distinta á da fonte utilizada, sexa esta bibliográfica, audiovisual, persoal, a internet ou calquera outra.

2. A CUALIFICACIÓN FINAL responderá ao seguinte reparto porcentual:

2.1) Un 40% obtérase pola PROBA MIXTA que os estudantes realizarán ao remataren a materia e nas datas, horas e lugar establecidos nos horarios oficiais de exames do centro. Teñen dúas oportunidades: unha primeira ao final do primeiro cuadrimestre, e unha segunda na primeira quincena de xullo. Moi importante: os estudantes deberán obter unha puntuación mínima de 4 sobre 10 nesta proba escrita para poder superar a materia. Ningún estudante obterá o 100% da súa cualificación final con esta proba: todos serán cualificados coa distribución porcentual aquí recollida.

2.2) Un 50% obtérase da realización das ACTIVIDADES (individuais ou grupais) ao longo do curso. As actividades deben entregarse nas datas fixadas: de non ser así, computarán cun 0 na primeira oportunidade, e avaliaranse (de ser o caso) na segunda.

2.3) Un 10% responderá á ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN do estudante ao longo do curso. Observaranse o aproveitamento e a evolución individual do alumno, mais tamén e moi especialmente a súa dinámica na aula, a súa forma de argumentar, a colaboración cos compañeiros e todos aqueles elementos que teñan que ver coa aprendizaxe colaborativa e o traballo en grupo.

3. CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES E 2ª OPORTUNIDADE DE XULLO.

3.1) De suspender a materia en xaneiro por non acadar 4 puntos na proba mixta, deberá facela de novo en xullo (2ª oportunidade).

3.2) De suspender a materia en xaneiro por non superar ou entregar algunha/s actividade/s, deberá realizar as actividades substitutivas que se lle encomenden para a 2ª oportunidade: consideraranse superadas só aquelas nas que acadara un 5.00. As profesoras farán público en xuño qué actividades fará cada alumno, así como unha serie de instrucións: o prazo de entrega remata coa celebración da proba mixta de xullo (2ª oportunidade). As mesmas instrucións aplicaranse tamén no caso da convocatoria adiantada de decembro para alumnado de finalización de estudos.

3.3) Os estudantes que non superen a materia en xaneiro e teñan unha puntuación inferior a 5 puntos no apartado de asistencia e participación, cualificaráselles co seguinte reparto porcentual na 2ª oportunidade de xullo: (i) proba mixta escrita, 50%; (ii) actividades ou tarefas avaliáveis, 50%. A mesma porcentaxe se aplicará ás persoas que teñan dispensa académica ou que xustiquen a falta de asistencia.

3.4) Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas persoas que: (a) non se presenten a ningunha das probas mixtas escritas e que, ademais, (b) entreguen unha porcentaxe igual ou inferior ao 50% das actividades avaliáveis.

Fontes de información



<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<p>Linguas do mundo: introducións xerais e obras de referencia · AUSTIN, P. K. (ed) (2008). One thousand languages: living, endangered, and lost . Berkeley: University of California Press · COMRIE, B., S. Matthews e M. Polinsky (eds.)(1996): The Atlas of Languages. The origin and development of languages throughout the world . London / New York: Quarto Pubs. [Versión en portugués: O Atlas das Línguas. A Orígem e a evolución das Línguas no Mundo. Lisboa: Estampa, 2001] · GALLARDO, B. (2000): Evolución de linguas y tipología . València: Tirant lo Blanc. · JUNYENT, C. (1993): Las lenguas del mundo. Una introducción. Barcelona, Octaedro. · JUNYENT, C. (1999): La diversidad lingüística: didáctica y recorrido de las lenguas del mundo . Barcelona: Octaedro. · LEWIS, M. P. (ed.), 2009. Ethnologue: Languages of the World , 16th edition. Dallas: SIL. Online version: <a href="http://www.ethnologue.com/">http://www.ethnologue.com/</a> . · LYOVIN, A. V. (1997): An Introduction to the Languages of the World . Oxford: Oxford University Press. · MORAL, R. del (2002): Diccionario Espasa de las Lenguas del Mundo. Madrid: Espasa Calpe. · MOSELEY, Ch. &amp; R.E. Asher (eds.) (1994): Atlas of the World's Languages. London &amp; New York: Routledge. · MORENO CABRERA, J. C. (2003): El universo de las lenguas. Clasificación, denominación, situación, tipología, historia y bibliografía de las lenguas . Madrid: Castalia. Compilacións que conteñen esbozos descritivos · Bright , W. (ed.)(1992): International Encyclopedia of Linguistics (4 vols.). Oxford: Oxford Univ. Press. (Contén interesantes esbozos breves de máis de 50 linguas e completa información sobre cada familia lingüística) · Brown, K. &amp; S. Ogilvie (eds.) (2008): Concise Encyclopedia of Languages of the World . Londres: Elsevier. · Campbell, G.L.(1995): Compendium of the World Languages . Londres: Routledge. · Comrie , B. (ed.) (1987): The World's Major Languages. Croom Helm: Londres. (Contén amplos esbozos das linguas máis extendidas no mundo). · Garry , J. &amp; C. Rubino (eds.) (2001): Facts about the World's Languages: An encyclopedia of the world's major languages, past and present . New York: H.W. Wilson. · Haspelmath, M. et al. (eds.) (2005): The World Atlas of Language Structures. Oxford: Oxford University Press. · Lyovin , A. V. (1997): An Introduction to the Languages of the World. Oxford: Oxford University Press (Bos esbozos de ruso, finés, chinés, tibetano, árabe, suahili, hawaiano, dyirbal, esquimó yupik, quichua e tok pisin). Tipoloxía lingüística e universais: obras xerais · Aikhenvald, A. y R. M. W. Dixon (eds.) (2009): Grammars in Contact: A cross-linguistic typology. Oxford: Oxford University Press. · Comrie , B. (1981): Universales del lenguaje y tipología lingüística. Madrid: Gredos. · Croft, W. (1990): Typology and universals. Cambridge: Cambridge University Press. · García-Miguel , J. M. (2000): "Linguas do mundo e tipoloxía lingüística", en F. Ramallo, G. Rei e X.P. Rodríguez Yáñez (eds.): Manual de Ciencias da Linguaxe . Vigo: Xerais . Gil, J. y R. Mairal (eds.) (2003): En torno a los universales lingüísticos , Madrid: Cambridge University Press. · Greenberg , J.et alii (eds.) (1978): Universals of Human Language (4 vols.). Stanford: Stanford University Press. · Haspelmath, Martin et alii (eds.) (2001): Language Typology and Language Universals: An International Handbook (2 Vols.). Berlin: Mouton de Gruyter. · Haspelmath , Martin et alii (eds)(2005): The World Atlas of Language Structures . Oxford: Oxford University Press. [Acceso on-line: <a href="http://wals.info">http://wals.info</a> ] · Mallinson , G. y B. Blake (1981): Language typology. Cross-linguistic studies in syntax . Amsterdam: North-Holland. · Martí, Félix (et alii) (2006): Palabras y mundos. Informe sobre las lenguas del mundo. Barcelona: Icaria Antrazyt · Moure , T. (2001): Universales del lenguaje y linguo-diversidad. Barcelona: Ariel. · Ruiz Antón , J. C. (1998): Curso de Tipología Lingüística. Enfoque funcional . Castellón: Universitat Jaume I. · Whaley , L. J. (1997): Introduction to typology. The unity and diversity of language . Sage Pub.: Thousand Oaks.</p>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías